

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS DOS ESTUDOS OFICIAIS DE GRADO E MASTER

Santiago de Compostela, a 19 de xuño de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1998, do 20 de outubro e de conformidade cos Decretos 41/2013 e 43/2013, do 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e de conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público .

E doutra parte, don Salustiano Mato de la Iglesia, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 47/2014, do 24 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG), do 25 de abril de 2014, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no DOG núm 21, do 2 de febreiro de 2010 (BOE núm. 69, do 20 de marzo de 2010)

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal para obrigarse e subscribir o presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Universidade de Vigo é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa lei orgánica de universidades, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e o desenvolvemento de

formación axeitada, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe dos/as estudantes e a preparación para o exercicio de actividades profesionais.

SEGUNDO.- Que o Sistema Sanitario é unha organización baseada no coñecemento, prestadora de servizos e multidisciplinar, caracterizada por unha notable complexidade organizativa e por un gran desenvolvemento científico e tecnolóxico.

A dita complexidade, a súa incesante innovación e incorporación de novas tecnoloxías e a heteroxeneidade dos recursos humanos cos que conta, fan que o ámbito sanitario permita aos estudantes de múltiples titulacións universitarias, sanitarias e non sanitarias, enfrontarse a situacións reais de esixencia profesional, forxar a actitude e predisposición necesaria para a asunción das responsabilidades e facilitar a planificación dunha carreira profesional axustada aos seus intereses e capacidades.

TERCEIRO.- Que a Universidade de Vigo ten a vontade de potenciar a realización de formación, especializada e prácticas en centros, unidades e servizos integrados na consellería de Sanidade ou no Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación dos/as seus/súas alumnos/as.

CUARTO.- Que o Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do Estudante Universitario, prevé no seu artigo 24 o establecemento de convenios con empresas e institucións, para a realización de prácticas académicas externas.

QUINTO.- Que, tanto a Consellería de Sanidade coma o seu organismo autónomo, o Servizo Galego de Saúde, veñen colaborando tradicionalmente na organización e desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde promovidas desde as universidades.

Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade desde a súa creación pola Lei 1/1989 de 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Así mesmo, o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creou a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema público de saúde de Galicia. A súa Presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

SEXTO.- Que é vontade destas institucións intensificar as relacións entre o mundo universitario e o ámbito asistencial, facilitando o achegamento do alumnado universitario á realidade profesional e ao desenvolvemento práctico dos coñecementos teóricos das distintas disciplinas que adquiren na Universidade.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a firma do presente convenio, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións da cooperación entre as partes asinantes, para a adecuada planificación, desenvolvemento e avaliación dos programas de prácticas externas a través dos cales os/as estudantes poidan complementar a súa formación teórica con formación práctica en centros asistenciais dependentes do Servizo Galego de Saúde ou en unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde e da Consellería de Sanidade.

A devandita formación práctica terá como obxectivo o coñecemento por parte do alumnado da metodoloxía e técnicas do campo da titulación correspondente a través do aproveitamento da experiencia da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde en áreas operativas relacionadas coa súa formación universitaria, promovendo o desenvolvemento profesional e o acceso ao mercado laboral dos futuros titulados e tituladas.

Quedan excluídas aquelas titulacións universitarias da área de Ciencias da Saúde que estean sometidas a regulación, concerto ou convenio específico.

Segunda.- Programas de Formación das prácticas

De conformidade co artigo 24.5 do Real Decreto 1791/2010, de 30 de decembro, os programas de formación das prácticas externas, contarán cunha planificación na que se fará constar: as competencias que debe adquirir o/a alumno/a, a dedicación en créditos ECTS ("European Credit Transfer Accumulation System", en galego "Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos"), as actividades formativas que debe desenvolver o/a alumno/a, o calendario e horario, e o sistema de avaliación.

Terceira.- Lugar de realización das prácticas

As prácticas desenvolveranse nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas que o Servizo Galego de Saúde ou a Consellería de Sanidade, no ámbito das súas competencias, poñan á disposición a tal fin.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde facilitarán a utilización dos seus recursos e dispositivos asistenciais para o cumprimento dos programas de prácticas. En cada centro asistencial ou unidade administrativa onde se vaian a realizar as prácticas fixarase un plan de formación específico acorde cos contidos e obxectivos establecidos en cada caso pola Universidade de Vigo.

A utilización dos ditos recursos e dispositivos asistenciais polos/as alumnos/as da Universidade de Vigo non afectará de ningún xeito ao normal funcionamento dos centros e servizos dependentes da

Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde. Así mesmo os/as alumnos/as respectarán en todo momento a vida profesional da organización á que se incorporan, especialmente ás persoas coas que establecen relación e aos recursos que utilicen.

Cuarta.- Dereitos e obrigas do alumnado en prácticas

Os dereitos e obrigas do alumnado que acceda ás prácticas, serán os previstos no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios , e nas normas estatais que regulen a realización de prácticas externas do alumnado universitario, así como no Regulamento de prácticas académicas externas dos/as estudantes da Universidade de Vigo.

O incumprimento por parte do/a alumno/a, das súas obrigas ante a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumno/a en prácticas.

O alumnado estará suxeito á duración, calendario, horario, lugar e actividade establecidos no programa das prácticas, así como ao acatamento das normas propias do centro o servizo de acollida. Aplicaranse con dilixencia ás tarefas encomendadas e gardarán sigilo sobre as tarefas que estean realizando durante o seu período de prácticas así como unha vez que este finalice, de acordo co sinalado na cláusula décimo novena deste convenio.

Quinta .- Selección do alumnado e selección dos centros para as prácticas

A selección do alumnado que vaia realizar as prácticas externas no marco do presente convenio, corresponderá á Universidade de Vigo, e deberá respectar aos principios de publicidade, igualdade, mérito e capacidade.

A Universidade de Vigo deberá comunicar á Consellería de Sanidade o número de estudantes propostos para a realización das prácticas obxecto do presente convenio, xunto coa referencia á titulación cuxos estudos están cursando actualmente e os contidos e obxectivos da formación práctica para cada un deles, cunha antelación mínima de dous meses ao inicio da actividade que se solicita.

A selección dos centros asistenciais ou unidades administrativas para a realización de prácticas e o establecemento do número definitivo de alumnas e alumnos aceptados corresponderá á Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, unha vez consultados os correspondentes centros e dispositivos asistenciais e unidades administrativas, e tendo en conta criterios de índole didáctica e organizativa.

Sexta.- Duración das prácticas

A duración das prácticas externas curriculares será a que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos regulados polo artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais,

A duración das prácticas externas extracurriculares a desenvolver nos centros e servizos asistenciais ou unidades administrativas do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade axustarase ao acordado pola comisión mixta de seguimento regulada na cláusula décimosexta deste convenio.

Sétima.- Avaliación das prácticas

A avaliación das prácticas a realizará a Universidade de Vigo a través do/a tutor/a, á vista da memoria elaborada polo/a alumno/a, do informe do tutor de prácticas do centro ou unidade do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade, e de aquelas outras probas que se consideren oportunas.

A asistencia ás prácticas é requisito indispensable para poder ser avaliado. O/a alumno/a deberá ter asistido alomenos ao 85% das horas de prácticas programadas.

Oitava.- Perda do dereito á realización das prácticas

Un alumno ou alumna poderá perder o dereito á realización das prácticas por algún dos seguintes motivos:

- a) Baixo grao de aproveitamento.
- b) Falta de asistencia non xustificada.
- c) Interferencia coa labor asistencial do centro.
- d) Acceso a áreas ou zonas do centro para as que non estea autorizado.
- e) Causar intencionadamente danos á persoas, instalacións e/ou bens durante a realización das prácticas.
- f) Calquera outro comportamento ou actuación dunha gravidade asimilable aos anteriores.

A declaración da perda do dereito á realización das prácticas requirirá da tramitación do seguinte procedemento :

1.- Inicio

O procedemento se iniciará mediante acordo do responsable do centro no que se integre a unidade na que o/a alumna/o estivera realizando as prácticas.

Para a elaboración deste acordo deberá solicitarse, como mínimo, informe a cada un/unha dos/as tutores da alumna ou alumno de que se trate. Así mesmo, poderán solicitarse outros informes que se consideren necesarios para o escrarecemento das circunstancias que, no seu caso, poidan dar lugar á perda do dereito á realización das prácticas.

2.-Trámite de audiencia

Se realizará nos termos establecidos no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3.-Elaboración da proposta de resolución por parte do titular do centro do Servizo Galego de Saúde ou da Consellería de Sanidade.

Para a elaboración da proposta se poderán ter en conta as alegacións e o resultado das probas que, no seu caso, propoña a alumna ou o alumno de que se trate, durante o trámite de audiencia, así como aquelas que poida acordar o titular do centro.

4.-A proposta de resolución do procedemento se remitirá á Comisión Mixta de seguimento do convenio, regulada na cláusula décimo sexta deste convenio, que será a competente para ditar a resolución que poña fin ao procedemento.

A resolución da Comisión Mixta poderá ser recorrida en alzada ante o Conselleiro de Sanidade, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Novena.- Orientación e seguimento aos participantes

Durante a realización de prácticas os/as estudantes contarán con tutores/as de conformidade co establecido no artigo 24.6 do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro.

Os/as tutores/as cumpriran os requisitos previstos no artigo 10 do Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios, e terán os dereitos e obrigas que determinen as normas de aplicación ás prácticas académicas externas.

En todo caso, nos centros asistenciais e unidades administrativas onde se leve a cabo a formación práctica designarase un titor ou titora con vinculación ao centro ou unidade, con experiencia profesional e cós coñecementos necesarios para unha titorización efectiva, baixo cuxa supervisión realizará as prácticas cada estudante, e que velará pola súa formación e polo cumprimento do plan específico fixado polo centro ou unidade.

Os tutores das prácticas comprométense a orientar e asesorar individualmente a cada estudante, de xeito que se facilite a súa aprendizaxe nese contexto específico a través de diversas actividades e facilitar ao alumnado os datos e axudas necesarias para o coñecemento da realidade á que se incorporan, de xeito que poidan participar nos proxectos de traballo que se están levando adiante.

Tamén deberán facer un seguimento formativo do alumnado que titorizan, artellando a fórmula máis axeitada para que a experiencia das prácticas resulte beneficiosa.

Unha vez rematada a súa estancia formativa, a persoa designada polo centro asistencial ou unidade administrativa para a titorización, emitirá un informe sobre as actividades realizadas por cada alumna ou alumno durante o período de prácticas, indicando o período (datas de inicio e fin).

A Universidade de Vigo, como recoñecemento do esforzo do persoal que titoriza a formación práctica, emitirá a cada profesional un certificado acreditativo do seu labor de titorización segundo o modelo vixente nesta universidade.

Décima.- Compromisos que asume a Universidade

A Universidade de Vigo se compromete a:

- a) Distribuir e seleccionar ao alumnado que realizará as prácticas.
- b) Comunicar coa debida antelación á Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, os datos que permitan identificar aos/as alumnos/as que realizarán a formación práctica obxecto do presente convenio, así como os correspondentes contidos e obxectivos da formación.
- c) Facilitar ao alumnado que resulte admitido para a realización das actividades que se programen no marco do presente convenio, información sobre:
 - A duración, calendario, horario e lugar das prácticas.
 - Os traballos que, de ser o caso, teñan que entregar tanto durante el período de tempo en que se desenvolvan as prácticas, como á súa finalización (memorias, informes,...); todo elo, na forma en que se indique no Plan de Traballo que se estableza.
 - O carácter formativo das prácticas, de forma que comprendan que no poderán firmar nin asumir responsabilidades nin realizar actuacións que esixan desempeño profesional.

Nesta liña, a Universidade realizará todo o necesario para que os traballos que se le encomenden ao alumnado, durante a realización das prácticas, estean en consonancia coa finalidade principal do convenio, que non é outra que a de facilitar o seu estudo e formación; tendo en conta que o alumnado solo poderá realizar actividades relacionadas coa formación obtida a través da formación acreditada para poder acceder á realización das prácticas obxecto do presente convenio.

- d) Velar para que a utilización de recursos e dispositivos asistenciais aos que teña acceso o alumnado na realización das prácticas, non afecte de ningún xeito ao normal funcionamento dos centros ou servizos dependentes da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, así como para que respecten en todo momento a vida profesional da organización á que se incorporan e, especialmente, ás persoas coas que establecen relación e os recursos que utilicen.

e) Adoptar as medidas necesarias para garantir que o alumnado acate as normas propias do centro ou do servizo de acollida. Non obstante, a realización das prácticas se axustará ao plan formativo tutorizado que, previamente ao seu comezo, se deseñe, e que deberá conter as diversas actividades nas que o alumnado se iniciará, de xeito que debe quedar diferenciada a labor, dedicación e duración das xornadas de prácticas do alumnado, respecto das que teñan os profesionais dos centros ou entidades onde as desenvolvan.

f) Expedir os certificados acreditativos da súa labor de titorización aos profesionais responsables das tutorías de prácticas, que así o soliciten.

g) Organizar e coordinar actividades de formación para os responsables das tutorías de prácticas que faciliten o intercambio de experiencias entre os/as profesionais da sanidade e o profesorado universitario, intensificando canles de colaboración.

h) Facilitar la participación das persoas responsables das tutorías en aqueles cursos, congresos, xornadas, etc., organizados polos departamentos responsables da docencia vinculada ás prácticas, que supoñan unha posibilidade de mellora do desenvolvemento das prácticas.

i) A que o alumnado en prácticas estea cuberto polo Seguro Escolar, e os/as estudantes maiores de 28 anos, por unha póliza de seguro que cubra los accidentes e enfermidades que a alumna ou o alumno poida padecer no transcurso do período de prácticas, e a contratar unha póliza de responsabilidade civil para cubrir las contingencias que se produzan como consecuencia da realización das prácticas.

Décimo primeira.- Compromisos que asumen a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde se comprometen a:

1. Informar a todas as institucións correspondentes e aos seus profesionais das características do presente convenio, apoiando a súa integración na realización das prácticas.
2. Posibilitar na medida das necesidades e recursos de cada momento, e sempre supeditado ás necesidades asistenciais, a liberación de parte do horario laboral de aqueles profesionais que colaboren no programa de prácticas, para que poidan participar en actividades de formación relacionadas coas tarefas profesionais habituais ou para un mellor desenvolvemento das actividades prácticas.
3. Valorar, para os efectos oportunos no currículo persoal, as horas anuais correspondentes ás tarefas de tutoría nas prácticas, conforme á acreditación que outorgará a Universidade de Vigo.

4. Ofrecer as condicións necesarias para recibir ás persoas que vaian a realizar as prácticas, comprometéndose a propiciar o óptimo desenvolvemento do programa de prácticas que se defina, facilitando ao alumnado os medios e recursos dos que dispoñen, así como a favorecer a implicación do persoal sanitario e non sanitario que traballe nas funcións de tutoría e coordinación das prácticas que lles competa realizar.
5. Facilitar a utilización dos seus recursos e dispositivos asistenciais para o cumprimento dos programas que en cada caso se establezan de xeito que o alumnado poida realizar adecuadamente as prácticas.

Duodécima.- Uso de instalacións da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde

O alumnado que realice as prácticas ao abeiro do presente convenio poderá utilizar as instalacións e servizos das bibliotecas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, incluíndo os servizos e prestacións da biblioteca virtual (Bibliosaúde), nas mesmas condicións co persoal da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde.

Décimo terceira.- Seguros

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde non se fan responsables dos accidentes ou enfermidades que o alumnado puidese padecer no transcurso das prácticas, nin tampouco dos danos que puidese ocasionar durante a realización de ditas prácticas a persoas ou bens, debendo responder dos mesmos a Universidade de Vigo.

A Universidade de Vigo comprométese a que os alumnos e alumnas en prácticas estean cubertos polo Seguro Escolar, e os estudantes maiores de 28 anos por unha póliza de seguro que cubra os accidentes e enfermidades que a alumna ou o alumno puidera padecer no transcurso do período de prácticas.

Ao mesmo tempo a Universidade terá contratada unha póliza de accidentes e de responsabilidade civil para cubrir as continxencias que se poidan producir como consecuencia da realización das prácticas.

A ausencia ou a non adecuada acreditación destes seguros suporá a imposibilidade de realización das prácticas.

Décimo cuarta.- Vinculación laboral

A realización das prácticas por parte do alumnado ao amparo do presente convenio non constitúe vínculo laboral nin contractual de ningún tipo entre éste e as partes asinantes do presente convenio, non podendo percibir contraprestación económica algunha, nin ser incluídos no réxime da Seguridade Social.

De conformidade co establecido no artigo 24.9 do Real Decreto 1791/2010, do 30 de decembro, as prácticas externas de carácter formativo estarán axustadas á formación e competencia dos/as alumnos/as e o seu contido non poderá dar lugar, en ningún caso á substitución da prestación laboral

propia de postos de traballo, nin xerará vínculo contractual coa Consellería de sanidade nin có Servizo Galego de Saúde.

Decimoquinta.-Financiación do convenio

A sinatura do presente convenio non supón compromiso económico algún para as institucións asinantes e por iso non se precisa consignación orzamentaria.

O alumnado non terá dereito á remuneración, indemnización, gratificación ou compensación económica da Administración autonómica pola realización das prácticas

Decimosexta.- Comisión mixta de seguimento do convenio

Para o desenvolvemento e control daquelas accións que, con motivo do presente convenio, sexan levadas a cabo, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento, coa finalidade de resolver as dúbidas que se produzan na súa interpretación e aplicación.

Esta comisión estará composta por dous representantes designados pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde e outros dous designados pola Universidade de Vigo.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias con respecto ás prácticas:

- 1.- Determinar a duración das prácticas extracurriculares.
- 2.- Determinar as datas e períodos de tempo para a realización das prácticas, tanto curriculares como extracurriculares.
- 3.- Garantir o desenvolvemento normal dos compromisos asumidos.
- 4.- Coordinar as accións e articular instrumentos de mellora e fórmulas de incremento da eficacia.
- 5.- Establecer os criterios de avaliación e control das prácticas.
- 6.- Propoñer addendas ou modificacións a este convenio para que sexan aprobadas polos órganos competentes.
- 7.- Tratar e resolver as cuestións de diverxencia, que poideran xordir no desenvolvemento do convenio.

8.- Resolver os casos de perda do dereito á realización das prácticas, previa tramitación do procedemento regulado na cláusula oitava deste convenio.

Decimosétima.- Resolución de conflitos

As partes asinantes do presente convenio comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do mesmo. De non chegarse a acordo, as cuestións obxecto de diverxencia serán tratadas na comisión mixta de seguimento e, de persistir, serán elevadas ó conselleiro de Sanidade, cuxa resolución porá fin á vía administrativa e poderá ser impugnada ante a xurisdición contencioso-administrativa.

Os posibles conflitos que xurdan a raíz da execución dos diferentes proxectos formativos deberánse resolver mediante acordo entre o responsable académico das prácticas externas e o titor ou titora do centro ou unidade .

Décimo oitava.-Causas de resolución do convenio

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá levar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.

- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista s noutras leis.

Décimo novena.- Certificación artigo 13.5. Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro

En cumprimento do artigo 13.5. da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil, os centros e institucións sanitarias da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde esixirán ao alumnado de calquer nivel formativo que realice prácticas externas, a certificación negativa do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais nos mesmos termos que o persoal dos mesmos.

Correspondelle á Universidade de Vigo como responsable dos estudantes en prácticas, recabar aos seus alumnos a citada certificación negativa, informando de elo á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Vixésima.- Dereito a dignidade e intimidade dos pacientes

Na Orden SSI/81/2017, de 19 de xaneiro, publícase o Acordo da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se aproba o protocolo mediante o que se determinan pautas básicas destinadas a asegurar e protexer o dereito á intimidade do paciente polos alumnos e residentes en Ciencias da Saúde. (BOE 6 de febreiro 2017).

Este protocolo basease en todas as normas xurídicas vixentes relacionadas co dereito á intimidade das persoas.

Segundo o establecido no mesmo, os/as alumnos/as deben de estar correctamente identificados/as. A dirección do Centro Sanitario facilitaralles un cartón identificativo que levarán en lugar visible.

Os pacientes teñen dereito a saber que hai alumnos/as en formación presentes no seu proceso asistencial e requirirase o seu consentimento verbal, que se reiterará se se realiza algún tipo de exploración física, procedemento clínico ou intervención con fins formativos.

No caso de que o paciente se negue expresamente o persoal en formación non estará presente no proceso de atención asistencial.

Salvo supostos especiais consentidos polo paciente, durante os actos clínicos que se realicen en presenza do mesmo, no deberán estar presentes máis de tres alumnos por paciente.

Os/as alumnos/as, salvo consentimento expreso do paciente, só poderán acceder á historia clínica previa disociación dos datos clínicos dos persoais, para garantir o seu anonimato, ou a historias clínicas simuladas polo responsable de docencia a fin de garantir que o aprendizaxe derivado das mesmas realízase respectando a intimidade e confidencialidade dos datos de saúde.

No momento da súa incorporación, os/as alumnos/as deberán ser informados deste protocolo e asinar un compromiso de confidencialidade segundo o modelo establecido na orde.

Os centros disporán dun libro rexistro de alumnos/as en formación que cumprirá os requisitos establecidos en LOPD para a creación de ficheiros que conteñen datos persoais. No devandito rexistro

volcaranse anualmente os datos citados e a anotación relativa a que se subscribiu o compromiso individual de confidencialidade.

Os alumnos/as están sometidos ao deber de confidencialidade/segredo , no so durante a estancia no Centro sanitario no que se estea formando sino tamén unha vez concluída a mesma, sen que dito deber se extinga pola defunción do paciente.

O deber de confidencialidade afecta tanto aos «datos íntimos» como aos datos biográficos do paciente e o seu entorno cuxo coñecemento por terceiros poida afectar aos dereitos da persoa obxecto de tratamento.

O deber de confidencialidade /segredo non so se refire aos datos contidos na historia clínica do paciente sino tamén aos que se teña acceso mediante comunicación verbal, grabacións, vídeos, os contidos en calquera tipo de arquivo informático, electrónico, telemático ou rexistro público ou privado, incluíndo os referidos ao grao de discapacidade e información xenética.

Vixésimo primeira.- Vixencia do convenio, modificación e prorroga

O prazo de vixencia deste convenio será de catro anos desde o día seguinte ao da súa firma, podendo prorrogarse por un período de ata catro anos adicionais salvo denuncia expresa dalgunha das partes, formulada cunha antelación mínima de dous meses ao vencimento do prazo inicial ou de calquera das súas prórrogas. En calquera caso, os compromisos adquiridos deberán ser cumpridos no correspondente curso académico.

O Convenio poderá ser modificado a proposta da Comisión Mixta de Seguimento do convenio e previo acordo das partes.

Vixésimo segunda.- Natureza xurídica do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 4.1.c) do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, de acordo co sinalado no artigo 4.2 do citado texto legal.

Vixésimo terceira.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervenientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de

transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio en triplicado no lugar e data anteriormente indicados.

O Conselleiro de Sanidade e Presidente O
do Servizo Galego de Saúde

Reitor da Universidade de Vigo

Jesús Vázquez Almuiña

Salustiano Mato de la Iglesia